

UGT LOGRA O COMPROMISO DO MINISTERIO DE COMENZAR A NEGOCIACIÓN DUN NOVO ACORDO PLURIANUAL E IMPLANTAR UNHA TAXA ADICIONAL QUE GARANTICE A XUBILACIÓN PARCIAL DO PERSONAL LABORAL DO SECTOR PÚBLICO

Santiago de Compostela 24/03/2025

Na reunión celebrada esta mañá, **UGT** Servizos Públicos acadou o compromiso do ministro para a Transformación Dixital e da Función Pública para implantar **unha taxa adicional** que permita que se poida seguir xubilando anticipadamente o persoal laboral do sector público. Desta forma dáse solución á formulación das organizacións sindicais para garantir que o persoal laboral poida gozar tamén do acordo de xubilación parcial asinado o pasado 18 de decembro con este Ministerio e que entrará en vigor a partir do próximo 1 de abril.

Na reunión tamén se decidiu convocar a comisión de seguimento do Acordo Marco para unha Administración do Século XXI, para culminar os asuntos pendentes, así como **empezar a negociar un novo acordo plurianual e abordar a subida salarial correspondente a 2025 para as persoas traballadoras do sector público, de forma independente e desligada da negociación dos Orzamentos Xerais do Estado.**

O sindicato instou ao Goberno a **aprobar canto antes a subida salarial do 0,5% pendente, con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro de 2024**, para o persoal empregado público, e reiterou aspectos de gran calado do Acordo Marco para unha Administración do Século XXI, pendentes de materializar, entre os que destacan:

- ✚ A plena implantación do modelo de clasificación profesional conforme ao actual Marco Español de Cualificacións Profesionais.
- ✚ A negociación das modificacións normativas para o pleno establecemento e desenvolvemento dos plans de igualdade e os protocolos de acoso sexual e por razón de sexo, conforme á Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- ✚ A aplicación da xornada laboral das 35 horas.
- ✚ Garantía de atención presencial dos servizos públicos e un plan específico de dixitalización para as zonas de menor poboación ou en risco de exclusión.
- ✚ Creación de emprego neto nas administracións públicas, redución da temporalidade e rexuvenecemento dos persoais.
- ✚ Dixitalización, captación e retención do talento, promoción interna, formación e carreira profesional.

